



O pasado 17/06/08 mantívose, na reitoría da universidade unha reunión para tratar sobre a RPT, nela a institución transmitiulle aos delegados/as das seccións sindicais convocadas (CIG, USO e CCOO) o seu proxecto.

Era visto que algo está mudando na Universidade, ata agora todos os sindicatos, tiveran ou non representación nos órganos de representación dos traballadores, participaban nas negociacións que afectaban ao conxunto (RPT do 2005, Convenio Colectivo...) agora só se convocou aos máis afíns, os díscolos, por pequenas que sexan as diferenzas, quedaron fóra.

**Desde fai case un mes agardamos unha valoración da proposta. Nada, non hai interés en que os traballadores/as saibamos como os sindicatos van acometer a xuntanza do vindeiro día 18 deste mes.**

**Por outra parte non é de estrañar, as seccións sindicais representan, exclusivamente, aos afiliados/as de cada un dos sindicatos non ao conxunto dos traballadores/as.**

Plantexase así outra dúbida. **Quén está lexitimado para negociar?**

**Na Lei da Función Pública de Galicia explíciase:**

Relación de postos de traballo, provisión, plans de emprego e oferta de emprego público

**ARTIGO 25.**

**"3. As devanditas relacións serán públicas, e tanto na súa elaboración coma nas modificacións posteriores deberán ser sometidas a informe dos correspondentes órganos de representación das empregadas e dos empregados públicos, exclusivamente cando supoñan modificación das condicións de traballo destes." (Modificado por Lei 13/2007).**

**No Convenio Colectivo establécese:**

**Artigo 11.**

**"De acordo co previsto no artigo 91.3 dos Estatutos da UDC, cada dous anos, e potestativamente cada ano, revisarase e aprobarase a RPT do persoal laboral que será establecida por proposta da Xerencia, logo da negociación co comité de empresa."**

**Indícase, polo tanto, que os órganos facultados para negociar son, por un lado a Xunta de Persoal, e por outro, o Comité de Empresa, que, pola súa parte, representan ao conxunto dos traballadores/as funcionarios e laborais respectivamente.**

**No caso do PAS Laboral incúmprese unha norma pactada entre as dúas partes o que fai aínda máis incomprendible este xeito de actuar.**

**Alguén se parou a ler a normativa aplicable para constituír esa comisión?.**

## **ANÁLISE DA PROPOSTA DE RPT**

Como ven sendo habitual a Universidade presenta un proxecto de RPT moi inferior aos mínimos que consideramos razoables, fíxoo durante a negociación do convenio en vigor coa presentación da táboa salarial e agora tócanos con esta RPT, isto, na negociación ten un nome, o que pretende é que calquera aproximación a algo minimamente racional apareza como unha concesión e contente ao interlocutor que, á súa vez, cedeu moito máis.

**De todos os xeitos esta vez pasáronse.**



No que atinxe ao persoal laboral preténdese unha negociación paralela sobre a aplicación da transitoria 2ª do Convenio Colectivo, acto que levaría, de novo, ao colectivo diante dunha situación de feitos consumados de difícil volta a tras.

De existir dúbidas sobre a aplicación da devandita transitoria, dúbidas que non existiron á hora de redactala, teñen que ser aclaradas coa lexítima representación do PAS Laboral, o Comité de Empresa.

## Aspectos xerais:

Temos que rematar coa precariedade laboral incorporando este tipo de traballo á nosa **RPT NESTA UNIVERSIDADE HAI MOITO TRABALLO PERTENCENTE Á DENOMINADA ECONOMÍA SUBMERXIDA** (tipo do que informamos do CITIC e outros que teñen carácter precario como os das Aulas de Informática e outro persoal que, contratados como LABORA, proxectos, convenios etc., os seus servizos son necesarios durante todo o ano, estando actualmente nunha situación de subempregados).

Xa hai algunha sentenza que, neste sentido, condena á universidade.

## CONTRATOS TIPO LABORA:

- 4 Bibliotecarios
- 2 Técnicos FP administrativo
- 23 Técnicos FP2 Aulas NET.
- 4 Técnicos FP2 Informática
- 2 Psicólogos
- 2 Psicopedagogos

Preténdese, tamén, a contratación dunha persoa no Servizo de Normalización Lingüística por este procedemento.

Todo isto é o que nós sabemos, non aseguramos que non haxa máis, en todo caso haberá que pedir unha relación e proceder á integración.

**Incrementábase o persoal para levar o relacionado co Capítulo VI** o que é indicativo do medre que sofre este tipo de contratación onde, non podería ser doutro xeito, están incluídos os traballadores contratados en precario.

No canto de limitar as **xornadas partidas**, incrementábase chegando a afectarlle á secretaria do reitor.

**Tíñamos comprometido, coa anterior equipa reitoral, do sr. Barja, o remate da externalización das reparacións de hardware, isto non se concreta tampouco neste proxecto de RPT.**

**Incrementábase de xeito alarmante as fontanerías**, Organización Académica, Calidade e Novas Tecnoloxías, SAPE, Normalización Lingüística...), o que vai en detrimento da profesionalización prometida.

**Multiplícanse, de xeito extraordinario, as convocatorias de bolsas, entendemos que se deberían recopilar as convocatorias feitas e, en función do número e calidade das mesmas, reclamar persoal para que se cubran esas necesidades, porque moitas delas cobren postos de traballo que, ao noso entender, deberían aparecer na RPT.**

**O PAS Laboral ten que adquirir un compromiso de execución inmediata da RPT. aínda non se executou nada da do 2005.**



## **PAS FUNCIONARIO:**

**Saudamos a limitación das “libre designacións” (LD)**, entendemos que, na xestión, non deben existir.

A súa pervivencia non é máis ca unha extensión política, de proximidade..., do cargo ao que serven nas tarefas administrativas.

A cualificación , logo dun concurso, presupónselles, a colaboración e o silencio sonlles reclamables.

Hoxe ninguén cuestiona que os cargos de elección (decanos, directores...) non poidan situar ao seu carón a PAS administrativo próximo. Polo tanto a ninguén lle ten que estrañar que isto continúe ata os cargos da reitoría.

**Confiamos que esta situación non sexa un espellismo.**

**Ate agora os POSTOS BASE non estaban adscritos a negociados**, isto rómpese coa praza 277 a PDI Funcionario. **Ou se adscriben todas ou ningunha.**

**Trunca expectativas de incremento de nivel** algunhas delas xa comprometidas (secretarios de departamento...) e outras que comezan a reclamarse por outros colectivos de traballadores/as.

## **PAS LABORAL:**

**Parécennos curiosos certos cambios da RPT de 2005 consensada con todos e que non executaron porque non quixeron.**

- **Cámbianse grupos**
  - Na UTC unha praza que aparecía como grupo 3 pasa a ser do grupo 1
  - Nos condutores algúns pasan do 4A ao 3 e outros non.
- **Móvense, de centro e funcións, algunha praza ocupada por persoal fixo o que nos parece unha ilegalidade.**
- **Cámbianse quendas, incluso a PAS fixo, o que implica unha modificación substancial das condicións de traballo vía RPT (en Serantes un posto de traballo en quenda de mañá pasa a xornada partida)**
- **Desaparece o coordinador de deportes, non fai falla, teñen fontaneiro.**
- **Non incorporan direccións de servizos (informática, normalización lingüística, SAPE...) non importa, segue habendo fontaneiros.**
- **Aparece un especialista de oficios (ETSA) cando trala integración do INEF esta categoría estaba declarada a extinguir, de reconsiderarse esta circunstancia deberíase estender esta figura ata rematar coa externalización de mantementos, reparacións... que agora existe.**
- **Poñen requisito de permiso de conducir aos especialistas de correos cando non lles van pagar como tais.**



- O servizo de Parque móbil e correos ten os números de prazas, quendas e denominacións modificadas.
- Seguen existindo conserxerías onde, pola tarde, só hai 1 auxiliar de servizos co conseguinte problema que isto xenera cotidianamente.
- Servizos informáticos:

Aquí, na RPT, é onde hai que establecer a estrutura do servizo non por canles colaterais.

Parece que queren tirar para diante coa nova estrutura. Paradoxicamente, tiña, como recordaredes, moitos detractores pero, de repente, todo son loubanzas.

Os traballadores/as, nos servizos centrais, seguen cos problemas derivados da falta de asignación a lugares e áreas concretas.

Esta indefinición posibilita os cambios inxustificados e discrecionais o que deriva nunha continua inseguridade, tanto a nivel de funcións como a nivel de ubicación.

**Porqué, nos centros, unhas prazas aparecen como dependentes do SIC e outras como coordinadas co SIC?**

Incrementáanse os técnicos especialistas nos centros, parece que se vai a un modelo máis descentralizado, isto orixina un problema, polo menos tal e como está funcionando ata agora.

Os traballadores situados nos centros tiñan, e de momento teñen, un carácter absolutamente independente dos servizos informáticos ocupándose, exclusivamente, das tarefas propios dos centros sen nada que ver cos que se ofrecen desde servizos centrais (si hai algún problema na administración repárase polos servizos centrais, o mesmo pasa na biblioteca...)

Vaise cambiar esta circunstancia?. De ser así:

- Falouse con estes traballadores para notificarlles o cambio de funcións?.
- Analizouse o volume de tarefas que agora realizan e pensouse en que se pode dar a circunstancia de que non poden incrementar o seu volume porque é materialmente imposible?.
- Da formación xa non falamos. Terían que ir adquiríndoa a base de práctica?

**Por outro lado, nos servizos centrais, de xeito incomprensible, diminúen os técnicos de grao medio para incrementarse os técnicos superiores, a relación 20 técnicos superiores-9 técnicos de grao medio, é insostible.**

Temos, así, un servizo (no que respecta aos grupos de técnicos superiores e técnicos de grao medio) con forma de piruleta, moita cabeza e pouco corpo para sostela.

Non deixa de ser curioso o que pasa na Facultade de Informática co persoal deste servizo, fai pouco reduciuse drasticamente pasando de rpt 2003 10, rpt 2005 a 4 medrando agora, de novo, ata 7.

Seguiremos informando... do que saibamos.

Un saúdo.